

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013618	CEIP de Figueiroa	A Estrada	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación plástica e visual	1º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	12
4.2. Materiais e recursos didácticos	12
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	13
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	13
6. Medidas de atención á diversidade	14
7.1. Concreción dos elementos transversais	14
7.2. Actividades complementarias	15
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	15
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	16
9. Outros apartados	17

1. Introducción

Esta programación que se desenvolve a continuación con carácter anual levase a cabo nun centro de 2 liñas agás en 2º e 4º de Educación Primaria . Recibe alumnado que vive na vila e outro que é de zonas rurais: Estes últimos empregan o servizo de transporte e os anteriores son recollidos polas familias.

O centro onde se desenvolve dita programación conta con plan madruge e con comedor xestionado pola AMPA.

A maioría do alumnado emprega como lingua vehicular o galego, sendo este o idioma de uso habitual no colexio.

A programación desta materia levase a cabo con dous grupos de 1º formado por cada grupo por 15 nenos.

A Educación Plástica e Visual è un medio excelente para comprender e transmitir a cultura, a técnica e as ideas.

É importante que o alumnado descubra as posibilidades expresivas, estimular a súa capacidade creativa, fomentar a espontaneidade e a desinhibición. A área de Educación Plástica e Visual tentará desenvolverse ao máximo a pesar da limitación horaria semanal. Débese aproveitar a motivación que provoca no alumnado. É unha materia educativa moi ben aceptada, valorada e apreciada por parte do alumnado.

A súa finalidade principal en 1º de Educación Primaria será:

- Desenvolver no alumnado as capacidades perceptivas, expresivas e estéticas a partir do coñecemento teórico e práctico das linguaxes audiovisuais.

- Potenciar a imaxinación, a creatividade e a intelixencia emocional.

- Favorecer o espírito crítico ante obras e manifestacións culturais.

- Adquirir as destrezas necesarias para empregar os elementos plásticos como recursos expresivos.

A capacidade perceptiva, a observación, a habilidade manual e motriz e a sensibilidade ante calquera manifestación artística debe ser potenciada. Darase especial importancia a dotar dunhas técnicas axeitadas para que o alumnado saiba expresarse mediante a expresión plástica e audiovisual, así como con outros medios de expresión e comunicación.

Traballaranse 3 unidades didácticaa ao longo deste curso escolar 2023-24, desenvolvendo unha unidade por trimestre debido o número de sesións establecidas no Decreto.

Cada Unidade Didáctica estará dividida en varios apartados:

- A Plástica e o seu contexto: Observación de obras representativas de arte. Obras elixidas e seleccionadas tendo en conta a idade e a evolución do alumnado.

- Creatividade e composición: Elaboración de obras propias empregando diferentes materiais.

- Sección de volume: Realización de obras recortables para cada unidade ou para días especiais (conmemoracións).

- Nova visión plástica: Animacións, imaxes, emprego de ordenador...

Nesta área, na súa estimación do cambio de etapa a experimentar polo alumnado de 1º primaria, contempla este nivel como esa transición á primaria, especialmente no 1º trimestre. Nese senso, outro dos obxectivos chave desta será o traballo e desenvolvemento psicomotor, con especial fincapé na motricidade fina.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.	3	3	2	1		3		1-2
OBX3 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, da imaxe e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1	1		2	5	2	1	3-4
OBX4 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1	3	3			2	1-3	3-4

Descrición:
3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Cabazas e castañas.	Esta UD pretende iniciar as bases da clase para este primeiro curso e para o resto da etapa: a dinámica e rutina de traballo, a responsabilidade e coidado do material, etc. Ao mesmo tempo traballarase a recepción activa e a vivencia na iniciación dos elementos básicos da expresión plástica e audiovisual a través da estación do outono como fío condutor con diferentes agrupamentos. As conmemoracións do Magosto, Samaín e Nadal cobrarán especial relevancia.	34	12	X		
2	Gorros e bufandas.	Esta UD2 prosegue o traballado na UD1, reforzando e ampliando paulatinamente os elementos plásticos e audiovisuais, mais nesta ocasión, a través do inverno como fío condutor. O Día da Paz, o Entroido e o Día Internacional da Muller traballaranse de xeito máis destacado.	32	11		X	
3	Bolboretas e flores.	A UD3 desenvolve un pouquiño máis os elementos de contidos das UD1 e UD2, mais o seu propósito será,	34	12			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Bolboretas e flores.	fundamentalmente, afianzar os xa traballados; nesta ocasión o fío condutor serán as dúas estacións restantes: a primavera e o verán. As Letras Galegas serán de especial relevancia.	34	12			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Cabazas e castañas.	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Descobre o emprego da arte con elementos naturais: Frottage (técnica artística que consiste en frotar pinturas sobre un obxecto conseguindo unha impresión de forma e textura).	TI	100
CA1.4 - Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Identifica rasgos básicos dos elementos empregados.		
CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Valora e respecta a estética das obras representadas e realizadas. Escoita con respecto a audición da estación do outono de Vivaldi		
CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Observa o entorno inmediato e crea composicións artísticas. Relaciona os elementos plásticos coa natureza e co medio (outono).		
CA2.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual.	Colabora de xeito positivo na realización dun mural grupal.		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Valora e respecta as producións propias e alleas.		
CA3.1 - Descubrir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Coñece e aprecia a beleza da natureza nas representacións plásticas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Comprende a información en esquemas previos.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Goza coa aprendizaxe obtida a través do uso das tics e mostra interese polo uso destas.		
CA4.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión audiovisual, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Emprega a liña aberta e pechada experimentando con elas para completar debuxos no ordenador e colorea debuxos arrastrando diferentes tonalidades co ordenador		
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións audiovisuais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Traballa de forma colaborativa en canto a igualdade e respectando a diversidade		
CA4.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas audiovisuais, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual.	Colabora grupalmente de xeito positivo na realización dun mural elaborado a partir de imaxes dixitais.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Valora e respecta os diferentes tipos de expresión plástica		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - Cultura visual. A imaxe no mundo actual. Descrición de imaxes presentes no contexto próximo. - Elementos configurativos da linguaxe visual: observación e exploración sensorial. - Vocabulario específico básico das artes plásticas e visuais. - Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respeto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual: experimentación. Técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos e modelados sinxelos. Manipulación de obxectos para a súa transformación. Utilización de elementos presentes na contorna natural con fins artísticos. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais. - Estratexias básicas de recepción activa. - Vocabulario específico básico das artes audiovisuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva en diferentes espazos culturais e artísticos audiovisuais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións audiovisuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais.

UD	Título da UD	Duración
2	Gorros e bufandas.	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Descobre o emprego da arte con elementos naturais: Frottage (técnica artística que consiste en frotar pinturas sobre un obxecto conseguindo unha impresión de forma e textura).	TI	100
CA1.4 - Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Identifica rasgos básicos dos elementos empregados.		
CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Valora e respecta a estética das obras representadas e realizadas. Escoita con respecto a audición da estación do outono de Vivaldi		
CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Observa o entorno inmediato e crea composicións artísticas. Relaciona os elementos plásticos coa natureza e co medio (outono).		
CA2.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresa sentimentos e emocións na utilización dos instrumentos plásticos		
CA2.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións plásticas e visuais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Traballa de forma colaborativa respectando a diversidade		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual.	Colabora de xeito positivo na realización dun mural grupal.		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Valora e respecta as producións propias e alle		
CA3.1 - Descubrir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Coñece e aprecia a beleza da natureza nas representacións plásticas.		
CA3.4 - Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Comprende a información en esquemas previos.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Goza coa aprendizaxe obtida a través do uso das tics e mostra interese polo uso destas.		
CA4.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión audiovisual, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Emprega a liña aberta e pechada experimentando con elas para completar debuxos no ordenador e colorea debuxos arrastrando diferentes tonalidades co ordenador		
CA4.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas audiovisuais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresa sentimentos e emocións nas producións artísticas realizadas		
CA4.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas audiovisuais, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual.	Colabora grupalmente de xeito positivo na realización dun mural elaborado a partir de imaxes dixitais.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Valora e respecta os diferentes tipos de expresión plástica		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - Cultura visual. A imaxe no mundo actual. Descrición de imaxes presentes no contexto próximo. - Vocabulario específico básico das artes plásticas e visuais.

Contidos

- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual: experimentación. Técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos e modelados sinxelos. Manipulación de obxectos para a súa transformación. Utilización de elementos presentes na contorna natural con fins artísticos.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.
- Estratexias básicas de recepción activa.
- Propostas audiovisuais elementais. Nocións básicas sobre cinema. Características sinxelas de imaxes fixas e en movemento en contextos culturais próximos. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero.
- Vocabulario específico básico das artes audiovisuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva en diferentes espazos culturais e artísticos audiovisuais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións audiovisuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais.

UD	Título da UD	Duración
3	Bolboretas e flores.	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Descobre o emprego da arte con elementos naturais: Frottage (técnica artística que consiste en frotar pinturas sobre un obxecto conseguindo unha impresión de forma e textura).	TI	100
CA1.2 - Describir de forma oral e gráfica elementos de manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	Descobre de forma oral os elementos plásticos máis próximos		
CA1.3 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Aplica a información plástica a través de medios sinxelos		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Identifica rasgos básicos dos elementos empregados.		
CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Valora e respecta a estética das obras representadas e realizadas. Escoita con respecto a audición da estación do outono de Vivaldi		
CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Observa o entorno inmediato e crea composicións artísticas. Relaciona os elementos plásticos coa natureza e co medio (outono).		
CA2.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual.	Colabora de xeito positivo na realización dun mural grupa		
CA2.5 - Compartir as experiencias creativas plásticas e visuais, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Goza e explica as experiencias creativas		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Valora e respecta as producións propias e alleas		
CA3.1 - Descubrir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Coñece e aprecia a beleza da natureza nas representacións plásticas.		
CA3.2 - Describir de forma oral e gráfica elementos de manifestacións culturais e artísticas audiovisuais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	Describe os elementos culturais e artísticos de forma individual e colaborativa		
CA3.3 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Emprega estratexias para descubrir palabras relacionadas con algún artista mediante xogos .		
CA3.4 - Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Comprende a información en esquemas previos.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Goza coa aprendizaxe obtida a través do uso das tics e mostra interese polo uso destas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión audiovisual, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Emprega a liña aberta e pechada experimentando con elas para completar debuxos no ordenador e colorea debuxos arrastrando diferentes tonalidades co ordenador		
CA4.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas audiovisuais, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual.	Colabora grupalmente de xeito positivo na realización dun mural elaborado a partir de imaxes dixitais.		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Goza coas audicións e cos vídeos relacionados coa vida e obra dalgún pintor		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Valora e respecta os diferentes tipos de expresión plástica		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - Cultura visual. A imaxe no mundo actual. Descrición de imaxes presentes no contexto próximo. - Materiais, instrumentos, soportes e técnicas elementais utilizados na expresión plástica e visual. - Vocabulario específico básico das artes plásticas e visuais. - Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual: experimentación. Técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos e modelados sinxelos. Manipulación de obxectos para a súa transformación. Utilización de elementos presentes na contorna natural con fins artísticos. - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais. - Estratexias básicas de recepción activa. - Propostas audiovisuais elementais. Nocións básicas sobre cinema. Características sinxelas de imaxes fixas e en movemento en contextos culturais próximos. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero. - Vocabulario específico básico das artes audiovisuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva en diferentes espazos culturais e artísticos audiovisuais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Composición guiada de historias audiovisuais sinxelas básicas con intención comunicativa para ser recreadas. - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións audiovisuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais.

4.1. Concrecións metodolóxicas

As diferentes UD permitirán, no seu conxunto, o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais, dos obxectivos da etapa e están pensadas para a consecución do logro de cada un dos criterios de avaliación (CA) establecidos, ou, alomenos, os mínimos de consecución correspondentes, así como para a progresiva adquisición das competencias clave correspondentes de cara ao perfil de saída do alumnado ao remate da educación primaria.

Levarase a cabo o uso dunha metodoloxía axil e dinámica, práctica e realista, activa e participativa, construtiva, creativa, motivadora, lúdica e amena. Sobre todo, tendo en conta que se inicia unha nova etapa para o alumnado. As características fundamentais da metodoloxía son:

- Funcionalidade: as aprendizaxes están dirixidas a unha aplicación práctica do aprendido.
- Ambiente cooperativo: traballo cooperativo en grande grupo, pequeno grupo e por parellas, traballando man con man.
- Uso de tecnoloxías de comunicación e información como recurso de aprendizaxe (, vídeos, webs...) xa que ofrecen máis variedade e posibilidades de acceder a contidos reais.
- Potenciación das aprendizaxes significativas partindo sempre da realidade e do que se coñece para facilitar a súa comprensión.
- Ambiente de traballo cómodo para evitar a inhibición.
- Atención á diversidade do alumnado á hora de seleccionar contidos e respectar o ritmo de aprendizaxe.
- Metodoloxía baseada no descubrimento guiado e na participación e implicación activa do alumnado.
- Os erros serán considerados como parte do proceso de aprendizaxe e fonte de coñecemento.
- Séguese a traballar con rutinas e repeticións de actividades básicas para que o alumnado se sinta máis seguro.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Pantalla dixital
Ordenador: con diferentes aplicacións e programas de software libre (Plan Dixital): reprodución audio e vídeo, editor partituras, gravación, etc.
Pinceis e témperas

Ceras, rotuladores, lapis de cores, pegamento , tesoiras ,punzón.
Bloc de debuxo, diferentes tipos de papeis e cartolinas.
Diferentes tipos de materiais recollidos da natureza.
Estoxo

Esta área levase a cabo na aula do día a día donde dispoñemos dun rincón para os dtistintos tipos de materiais, sendo os nenos os responsables do coidado do mesmo.

Conta cun ordenador conectada á pantalla dixital que favorece o traballo coas novas tecnoloxías.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Revisados os informes individualizados do alumnado, levarase a cabo unha serie de probas co fin de coñecer o punto de partida; de especial interese é a información deste ampliada por parte das persoas titoras de infantil do curso anterior cunha reunión presencial con estas dado que continúan no equipo docente do centro.

Esta avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras 3 ou 4 sesións, para poder establecer uns criterios claros do nivel mínimo da clase en xeral, e de cada alumna/o en particular.

Dita proba neste centro consistirá na realización dun debuxo persoal onde se observará e valorará o avance e progreso da etapa pre-esquemática: aproximación á forma definida á hora de debuxar, se a composición ten algo de perspectiva, tamaño normal no debuxo, emprego de cores primarias nas imaxes e rectas trazadas con soltura e seguridade. Ademais, rexistraranse aspectos como a capacidade de recepción, comportamento, actitude, etc.

A partir do conxunto de datos obtidos do anteriormente citado tratarase co DO (ou alomenos comunicaranse, e a través da titoría, aquelas medidas que xa pode realizar e/ou realizará a persoa docente na aula, como por exemplo un reforzo dentro desta ou unha atención máis individualizada); de ser posible e/ou necesario sería importante e interesante que esta xuntanza fose xunto coa persoa titora e co resto de equipo docente da aula para poder convir o modo de intervención daquelas posibles dificultades atopadas, especialmente das que precisen persoal docente adicional e/ou solicitude ao DO.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	34	32	34	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación serán os seguintes:

- Traballos realizados 40%
- Participación na clase 20%
- Traballos en grupo. 20%

Actitude cara a asignatura e esforzo 20%

A avaliación será global, continua e formativa. A avaliación final farase coincidir coa terceira avaliación

Critérios de recuperación:

Aquel alumnado que non tivese acadado os mínimos de consecución de cada CA ó final de cada UD poderá recuperalos ao final de cada trimestre. Isto tería lugar cara a segunda semana de decembro, marzo e xuño, respectivamente. Neste centro, de ser este o caso, o procedemento será o seguinte:

-Comunicación disto á familia (e paralelamente á persoa docente titora mediante correo electrónico) a través da axenda do alumnado e/ou do Abalar. Nesta especificarase aquel/es mínimo/s de consecución que se precisa/n acadar, o que corresponda para tal fin: a recuperación consistirá nun debuxo e unha manualidade bidimensional ou tridimensional relacionados coas UD do Trimestre.

-Ademais, de especial importancia e interese resultará trasladar esta información ao alumnado: isto farase de xeito individual e entregándolle unha folla que recollerá o que precisa realizar para acadar ese/s mínimo/s de consecución, explicándolle isto verbalmente e resolvéndolle as posibles dúbidas ao respecto.

6. Medidas de atención á diversidade

Non todo o alumnado aprende da mesma forma e ao mesmo ritmo, por iso realizaránse actividades a distinto nivel:

- Actividades programadas para todo o grupo.
- Actividades de reforzo para o alumnado cun ritmo lento e baixa comprensión.
- Actividades de ampliación para alumnado cunha aprendizaxe máis rápida.
- Xogos adicionais con cartas, taboleiros...

Porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Así, tan rápido como se detecten dificultades específicas de aprendizaxe farase un reforzo educativo coa finalidade de que este adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X
ET.4 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento	X	X	X
ET.5 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X
ET.6 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos		X	

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.7 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X	X	X
ET.8 - Educación para a saúde	X	X	X

Observacións:

Os elementos transversais, eiqú numerados, 1-6, 8 e 9 trabállanse con regularidade no propio traballo de cada UD, ben sexa coas rutinas ou coas diferentes actividades que desenvolven os contidos.

O elemento transversal 7 traballarase, de xeito especial, a través da conmemoración do Día da Paz e non Violencia.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saída a zona de árbores de folia no centro	Recollida de distintos tipos de folia e facer estampacións con pintura de dedo para unha exposición	X		
Exposicións dos traballos de cada unidade didáctica	Expoñer nun lugar do centro as obras realizadas na aula ao longo dos tres trimestres.	X	X	X
Decoración de corredores	Decorar os corredores do centro según a temática reflexadas no calendario escolar	X	X	X
Colaboración no xornal do Centro	No 3º trimestre colaborárase elixindo os traballos realizados durante o curso para publicalos no xornal			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuouse o deseño das UD ás características e necesidades do alumnado.
Aportouse información ao persoal docente titor.
Metodoloxía empregada
Cumpríuse a temporalización inicialmente establecida.
A persoa docente empregou as metodoloxías reflectidas na PD.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado.

Medidas de atención á diversidade
Leváronse a cabo as medidas de atención á diversidade e foron efectivas.
Clima de traballo na aula
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Apoiouse a implicación das familias no traballo do alumnado.

Descrición:

En liñas xerais, farase un seguimento trimestral para a comprobación dos indicadores de logro; A enquisa ao alumnado realizarase cara o remate do 3º trimestre, e incluíranse, entre outras, unha pregunta de escala na que este valore a facilidade coa que comprendeu as instrucións dadas, así como outra/s relacionada/s sobre a adecuación do deseño das UD en base ás súas necesidades.

Na funcionalidade da PD tamén se incluírán observacións das posibles necesidades e/ou propostas de cambio, reflectindo, especialmente, e entre outros puntos, se o número de sesións se adecúan e se estas son suficientes, de cara á elaboración de seguintes PD.

Ao mesmo tempo, o referido seguimento desta funcionalidade da PD, así como o cumprimento da temporalización, o emprego das diferentes metodoloxías e instrumentos de avaliación e as medidas de atención á diversidade faranse a través do propio PROENS, pois estas veñen eiquí recollidas.

Para medir a consecución da participación activa de todo o alumnado e o apoio de implicación das familias no traballo do alumnado reflectirase o índice destes no rexistro diario de aula.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Tralo remate de cada trimestre revisarase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:
 - Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
 - No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
 - Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
 - Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado:
 - Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.
 - Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

Accións de mellora:

- Ofrécese ao alumnado as explicacións individualizadas.
- Elaboración de actividades atendendo ás dificultades mostradas.
- Probas de avaliación de distinta dificultade.
- Comentar co alumnado os fallos máis significativos dos traballos realizados.

En función do anterior:

- Revisión das necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, ACS, etc.)

3. Actividades complementarias (realizadas ou non).

A avaliación dos datos recollidos farase mediante o cadro referido no apartado 8.1. ao que se lle engadirá, a maiores, os cadros precisos que inclúan a información adicional do presente apartado xunto coa información e resultados destes; posteriormente incluíranse como anexo nas correspondentes actas da coordinación de ciclo. Así mesmo, esta información será incluída na memoria final da materia, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico.

9. Outros apartados